

fiot 33

CARBALLO www.fiot.gal

**FESTIVAL INTERNACIONAL
OUTONO DE TEATRO**

26 SET — 31 OUT 2024



AGORA É SEMPRE

Nesta 33 edición, o Outono de Teatro proponse unha breve viaxe, a que vai do presente á eternidade, do contemporáneo á tradición, do particular ao universal. Do agora ao sempre. Porque o **Agora é Sempre**.

Un traxecto que pode ser longo no percorrido temporal ou espacial, pero que en esencia é coincidente. Non cambiamos tanto, non. Só precisamos perspectiva para decatarnos de que este camiño está transitado polos mesmos conflitos atemporais e irresolubles do ser humano. Cambian os contextos, pero os temas que nos preocupan hoxe son os que o foron sempre, porque estes falan da humanidade. Porque como afirma o dramaturgo Jon Fosse na mensaxe do Día Mundial do Teatro deste ano “toda boa arte, no fondo, xira arredor do mesmo: toma o singular e específico para facelo universal.”

“*Cambian os contextos, pero os temas que nos preocupan hoxe son os que o foron sempre*”



“*Poñendo en valor os clásicos (...) seleccionamos propostas que se fixan en autores precedentes e que nos seguen interpelando*”

O rei Lear dille á súa filla Cordelia, “Nada pode xurdir da nada”, e poñendo en valor os clásicos, obras inesgotables que permiten infinitas lecturas, que conservan a fortaleza para seguir resoando de mil maneiras diferentes, seleccionamos propostas que se fixan en autores precedentes e que nos seguen interpelando.

Moito máis alá de adaptacións ou revisións, as ricas miradas das dramaturgas e directores que presentamos, dos intérpretes e equipos que configuran o noso programa achéganse de maneira persoal e íntima (e cos propios fantasmas), aos clásicos que os constrúen, para alimentarse e dialogar con eles e coa súa esencia desde o presente máis doente, desde o hoxe; o agora. Con diferentes narrativas contemporáneas, pasando polo teatro documento ou a autoficción, fórmulanlle as preguntas axeitadas para, quizais, obter novas respostas ou imaxinar outros finais posibles.

“*O humano e a vulnerabilidade maniféstanse con forza, os focos sobre os protagonistas cambian e as obras falan de nós mesmos, de sentimentos, de relacións humanas e roles familiares ou de amizade*”

O humano e a vulnerabilidade maniféstanse con forza, os focos sobre os protagonistas cambian e as obras falan de nós mesmos, de sentimentos, de relacións humanas e roles familiares ou de amizade; dos límites entre realidade e ficción, da memoria individual e colectiva, da identidade persoal e social, da beleza de amar e do terrible de non

ser amado, de desexos insatisfeitos, ambicións e frustracións, de cal é o noso propósito ou de que personaxe somos na nosa vida.

Como sempre, moitas grazas aos que nos acompañades no mes longo de funcións e tamén no resto do ano, preguntando ilusionados polo FIOT que ha de vir.

Moitas grazas a tantos colaboradores, patrocinadores, voluntarios e institucións que están sempre aí. Grazas a todos por confiar.

Agora e sempre. Agora é sempre.



PROGRAMA DE SALA



Sáb 5 out > 20.00

* ESTREA ABSOLUTA
* COPRODUCCIÓN FIOT

BERROBAMBÁN (Galicia) *Mulleres que viven soas #MQVS*

> **HOTeen**
Preestrea co alumnado de
secundaria, o 4 de outubro



« A muller
que vive soa
ten corazón.
Si! Fáganme
caso!

10 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO

As mulleres que viven soas sempre foron sospeitosas. Tres mulleres son as protagonistas, as tres bruxas de Macbeth na peza de Shakespeare. Tres bruxas que encarnan os males deste mundo e que nos serven de referencia para rirmos da diferenza entre como nos ven (ou nos contan) e como nos sentimos nós dentro das nosas casas. Xa se sabe, as bruxas, coa súa teima de liberdade e de coñecemento, asustan.

A orixe deste proxecto é unha sesión de contos de Paula Carballeira que, posteriormente, medraría cunha serie de podcast que recollen experiencias e retratos íntimos de mulleres. Agora convértese nunha comedia híbrida entre o teatro documental, a *stand-up comedy* e o teatro isabelino interpretado por Paula Carballeira, María da

Pontragha e Vero Rilo, tres das contadoras de historias máis relevantes do país, que darán voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.

O FIOT establece unha alianza con Berrobambán, unha das compañías máis consolidadas do panorama galego, para esta estrea na que se integran dous dos eixos constantes do noso festival, a narración oral e a temática feminina. A autora da obra é Paula Carballeira, Xograresa de Outono do FIOT, que recentemente sumou aos seus numerosos galardóns o Premio Nacional de Literatura Dramática.

.....
Interpretación: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo. **Podcast:** Xiana Arias. **Escenografía:** Montse Piñeiro. **Autoría:** Paula Carballeira. **Dirección:** Chiqui Pereira e Nuria Sanz

MIRAMEDIA E GREC FESTIVAL (Valencia-Cataluña)

En mitad de tanto fuego

Desexo, guerra, deserción, poder, violencia, patria... Este é o relato da morte de Patroclo, "compañeiro amado" de Aquiles, na guerra de Troya. O amigo que morreu en lugar do heroe; o que coñecía non só a cólera de Aquiles, senón tamén o seu desexo. Unha *Iliada* vivida e contada desde un personaxe secundario que nos seduce a través do soberbio traballo de Rubén de Eguía, finalista nos Premios Max.

O Premio Nacional de Literatura Dramática e recoñecido dramaturgo Alberto Conejero combina voces do pasado e do presente para dialogar coa nosa realidade e explorar a condición humana a través da beleza, o misterio e a escuridade dun poema épico. Máis alá da gloria, o protagonismo das persoas e a súa vulnerabilidade. A súa humanidade en metade de tanto horror.

“Seguimos falando da guerra de Troya porque aínda segue a arder”
Alberto Conejero




10 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO

Intérprete: Rubén de Eguía
Deseño de iluminación: Xavier Albertí e Toni Ubach
Autoría: Alberto Conejero, a partir de "A Iliada" de Homero
Dirección: Xavier Albertí

BUTACAZERO (Galicia)

Iribarne



“Isto non é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!”
ButacaZero

15 € | 180 MIN (DESCANSO DE 15 MIN) | PÚBLICO ADULTO

Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír ao Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida Terra Galega.

Sen pretender ser un *biopic* de Manuel Fraga, esta é unha investigación escénica sobre unha desas figuras imprescindibles do noso pasado recente. A ritmo de comedia satírica e musical percorre os momentos máis significativos da súa existencia, explorando a relevancia do poder como motor persoal, as súas implicacións e os seus mecanismos de supervivencia.

A autora é Esther Carrodegas, unha das voces máis interesantes da dramaturxia galega actual. Esta obra de gran formato

coproducida co Centro Dramático Nacional e a MIT é froito dun longo traballo de documentación aberto á participación do público. É unha das grandes montaxes do teatro galego desta temporada e ademais está realizando unha xira por toda España.

A compañía ButacaZero aposta por un teatro comprometido que dialoga coa actualidade desde unha mirada crítica e irónica.

Intérpretes: Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos e Esther F. Carrodegas. **Música e espazo sonoro:** Berto Vestuario: Diego Valeiras. **Espazo escénico:** Xavier Castiñeira e Diego Valeiras. **Iluminación:** Diego Vilar **Coreografía e ax. dirección:** Sabela Domínguez **Autoría:** Esther F. Carrodegas. **Dirección:** Xavier Castiñeira

COMPAÑÍA CRIOLLA (Arxentina) El brote



“ El que dijo
que nunca
hay papeles
menores es
porque nunca
le tocó uno

10 € | 90 MIN | A PARTIR DE 16 ANOS

Un actor ansía que recoñezan a súa valía adxudicándolle papeis protagonistas. Mentres comparte cos espectadores algúns momentos dos seus ensaios, os clásicos visitan a escena e vanse mesturando cos acontecementos da súa propia historia. Os límites entre a ficción e a realidade comezan a desdubxarse, e agora ata desconfía de quen escribe os acontecementos da súa propia vida. Que clase de personaxe somos nesta historia?

Cun ritmo vertixinoso, esta comedia, por momentos moi negra, móstranos a cara interna do teatro e retrata con acidez as relacións humanas e as frustracións contemporáneas, convidándonos a mirarse e buscar os límites propios.

Este espectáculo foi estrado no ano 2023 e converteuse nun verdadeiro fenómeno da carteleira de Bos Aires, recibindo diversos premios. Considerado como unha das figuras máis relevantes do teatro arxentino da última década, o autor e director Dionisi, crea unha obra poética e conmovedora interpretada con paixón e virtuosismo por Roberto Peloni.

Intérpretación: Roberto Peloni. **Deseño sonoro:** Martín Rodríguez. **Iluminación:** Agnese Lozupone
Escenografía e vestiario: Micaela Sleigh. **Autoría e dirección:** Emiliano Dionisi

> Ao inicio da función celebrárase o acto de entrega do Xograr de Outono 2024 a Avelino González



PRODUCCIONES [OFF] E VANIA (Madrid-Cataluña) Los amigos de ellos dos



15 € | 75 MIN | PÚBLICO ADULTO

Dúas parellas amigas encóntranse para cear todos os xoves desde hai máis de doce anos. Unha xa chegou ao restaurante, pero os seus amigos non. Os minutos pasan e a misteriosa demora dos amigos comeza a preocupalos. Por que chegan sempre tarde? Que rol ocupamos na vida deles dous?

Esta comedia dramática reflexiona sobre como as persoas se senten valoradas polos seus achegados, as inseguridades e percepcións que os rodean, e papel que cada un ocupa nesta sociedade.

Daniel Veronese ten unha das traxectorias máis relevantes do novo teatro arxentino, con máis de 25 premios, entre eles o Premio Nacional de Dramaturxia de Arxentina ou o Max Iberoamericano. Nesta obra dirixe

a dous recoñecidos intérpretes e tamén multipremiados, Malena Alterio (último Goya á interpretación feminina) e David Lorente, que nos conducirán entre a risa e a reflexión para explorar os vínculos humanos e as súas complexidades


“ Que rol ocupamos na vida deles dous? Interésanse realmente por nós?

Intérpretación: Malena Alterio e David Lorente. **Iluminación:** Pedro Yagüe. **Deseño escenografía:** Elisa Sanz. **Vestiario:** TallerEs. **Autoría:** Matias del Federico e Daniel Veronese. **Dirección:** Daniel Veronese

ANDREA JIMÉNEZ, BARCO PIRATA e TEATRO DE LA ABADÍA (Madrid) | *Casting Lear*



“*Vou ser Lear eu tamén, e como el coas súas fillas, vou facer un casting; un casting de pais*”
Andrea Jiménez



15 € | 90 MIN | A PARTIR DE 15 ANOS

Meu pai é Lear, pero nunca entrou nun teatro. Eu son Cordelia. E son directora de teatro. Como ela, vou buscar a Lear, voume atrever a miralo e vou intentar perdoar. E vouno facer desde un escenario. Cada noite, un actor distinto, será Lear, será meu pai, será un posible pai, un que si queira sentarse nun teatro a conversar.

Esta versión-simulacro é unha autoficción a partir dun clásico (ou un clásico autoficcional) que investiga os cruces entre ficción e realidade para reflexionar sobre a paternidade, o amor e o perdón, nun brillante exercicio teatral tan valente como lúdico. Unha porta aberta para pensar sobre como nos relacionamos cos nosos pais, tanto os biolóxicos como os metafóricos, mesmo o propio Shakespeare, abordando a influencia do pasado e como os que nos preceden nos constrúen.

Na adaptación contemporánea do Rei Lear de Shakespeare, teatro e performance mestúranse con humor e tenrura nunha proposta irreverente e innovadora, emocionante e intensa que abre un espazo de encontro con toda unha xeración de actores e homes.

A creadora desta peza é Andrea Jiménez, un valor en alza da creación escénica actual e galardoada con premios como o Ojo Crítico de Teatro no 2019 pola compañía Teatro en Vilo, da que é fundadora.

Intérpretes: Andrea Jiménez e Juan Paños xunto a un actor diferente cada noite. **Deseño de vestuario:** Yaiza Pinillos. **Espazo sonoro:** Lucas Ariel. **Deseño de iluminación e escenografía:** Judit Colomer. **Movemento:** Inés Narváez e Amaya Galeote. **Asesoría dramaturxica:** Olga Iglesias. **Creación e texto:** Andrea Jiménez. **Dirección:** Andrea Jiménez e Úrsula Martínez

LAS NIÑAS DE CÁDIZ (Andalucía) *Las bingueras de Eurípides*



12 € | 75 MIN | PÚBLICO ADULTO

Dionisio baixa á Terra en forma de muller para enfrontarse ao Suasenager, un policía que está empeñado en pechar un bingo ilegal de barrio, onde se reúne cada tarde un grupo de mulleres non só para xogar, senón tamén para compartir as súas intimidades, as súas penas, as súas alegrías, e algunha que outra copiiña de anís. O seu compañeiro de traballo tentará disuadilo das súas intencións, mostrándolle que na vida ás veces hai que ser máis flexible e permisivo.

Nesta versión moi libre e salvaxe de *Las Bacantes* abórdase a eterna loita entre a rixidez das normas e o pracer e a diversión. Con humor desenfreado, coplas, cancións, ritmo trepidante... xogan coa traxedia superpoñendo á vida cotián a dimensión mitolóxica, convertendo o espectáculo nunha festa.

Con esta última obra de Las niñas de Cádiz, que colleita aplausos por toda España, a exitosa compañía reafirma o seu compromiso coa risa como ferramenta para abordar temas universais e coa fusión entre a tradición culta literaria e a cultura popular, o folclore, o flamenco e o carnaval da súa terra.

“*Que hai de malo en gozar?*” José Troncoso

Intérpretes: Ana López Segovia, Alejandra López, Teresa Quintero/Mer Lozano, Rocío Segovia, José Troncoso/José Carlos Fernández e Fernando Cueto
Vestuario: Miguel Ángel Millán. **Espazo sonoro:** Mariano Marín. **Iluminación:** Agustín Maza. **Autoría:** Ana López Segovia. **Dirección:** José Troncoso

TEATRO KAMIKAZE (Madrid) Vania x Vania (versión 1)



“Na vida real, a xente non está todo o tempo disparándose, suicidándose ou declarando o seu amor. Non din cousas intelixentes todo o rato. (...) A xente cea, por exemplo, simplemente cea, e mentres tanto a súa felicidade está en xogo, ou as súas vidas rómpense en pedazos” Antón Chéjov

18 € | 105 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Un campesiño ruso de finais do século XIX, namorado e profundamente infeliz. Pasou toda a súa vida coidando da finca que herdou e interpretando o papel que os demais decidiron para el ata que un día explota. Escápaselle o tempo. Todos viven nun verán eterno no que o tempo se dissolve, inundados de aburrimiento, de frustracións, de amor non correspondido.

O director Pablo Remón volve a *Tío Vania*, unha obra mestra da literatura e do teatro, para falarnos da familia, das relacións e, sobre todo, de desexos insatisfeitos e soños incumpridos. Quen es?, Como elixes vivir a túa vida? É a túa vida unha comedia ou unha traxedia?

Vania (versión 1) forma parte do ambicioso e interesante proxecto *Vania x Vania*, composto por dúas obras interpretadas polos mesmos

actores. Dous camiños diferentes ao mesmo texto de Chéjov, reescritos en estilos completamente distintos polo Premio Nacional de Literatura Dramática 2021 Pablo Remón.

Un escenario baleiro e seis cadeiras. A *Versión 1* é un Chéjov espido, esencial. Un achegamento minimalista ao texto e á interpretación, a cargo dun reparto de auténtico luxo, con seis extraordinarios actores encabezados por Javier Cámara, recoñecido coa Medalla ao Mérito nas Belas Artes, ademais de numerosos premios.

Intérpretes: Javier Cámara, Juan Codina, Israel Elejalde, Marta Nieto, Manuela Paso e Marina Salas
Vestuario: Ana López. **Son:** Sandra Vicente.
Escenografía: Mónica Boromello. **Iluminación:** David Picazo. **Autoría e dirección:** Pablo Remón

OTNI

(OBXECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO)

Obxectos que cobran vida, que nos trasladan a outro lugar, que detonan o mecanismo da nosa memoria; elementos que narran historias, que homenaxean o pasado e o patrimonio ou fan voar a nosa imaxinación a paisaxes misteriosas; instalacións que nos atrapan no seu dispositivo; cousas que se transforman en personaxes, que se expresan a través das súas formas e cores, das súas texturas e mesmo sons, que nos descubren mundos poéticos que nos conmoven. Desde o esencial, para descubrir historias arraigadas na memoria que abranguen o universal. Eles son os protagonistas deste OTNI que nos achega a unha linguaxe escénica artesanal e suxestiva en auxe que conquista aos espectadores pola súa poética: o teatro de obxectos.

Xunto a eles, presentamos a cápsula #3 dun proxecto vivo que xoga coa perspectiva do espectador e no que ten gran presenza un dispositivo circense, *Multiperspectivas3#*.

Narración oral, circo, teatro visual, movemento, teatro documental, interacción... acompañan


estas innovadoras propostas que nos introducen nos persoais universos dos seus creadores, aos que nos achegamos desde a necesaria proximidade e intimidade para percibir o detalle, para achegarnos á alma das cousas.

O OTNI complementábase co achegamento ao proceso creativo a través do coñecemento do *work in progress* do investigador cubano José Ramón Hernández, froito da residencia artística realizada no Pazo da Cultura no verán.

E ademais, para todos os públicos. Achégate, seguro que descubres pequenas xoias.

“ Sube ao OTNI!

Ao máis exclusivo do FIOT,
ao máis vivo,
ao alternativo
ao creativo,
ao humor intelixente,
á innovación,
ao máis persoal...
ao EXCEPCIONAL!
Átrévete!



ESTEFANÍA DE PAZ ASÍN (Navarra) *Olvido Flores*



En xullo de 1936 o Circo Anastasini chega a Lodosa, en Navarra, e os seus membros desaparecen sen deixar rastro. Din que algúns foron fusilados e que o resto se viron obrigados a entreter á tropa. Olvido Flores conta unha historia de amarga beleza, poesía, circo e guerra; unha homenaxe á memoria e ao recordo.

Estefanía de Paz rescata relatos que cobran vida a través de obxectos convertidos en personaxes que contan o que pasou naquela escura noite, iluminando a súa historia, a nosa historia.

A intérprete e creadora é unha artista multidisciplinar que combina o seu traballo con outras compañías coas súas creacións propias.

Este espectáculo chega ao FIOT da man de Camiño Escena Norte, un proxecto liderado por Escena Galega xunto con outras asociacións de artes escénicas da ruta histórica dos Camiños de Santiago.



5 € | 25 MIN + 30 MIN ENCONTRO | PÚBLICO ADULTO E A PARTIR DE 8 ANOS | SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA

Interpretación, escenografía, idea orixinal, creación e dirección: Estefanía de Paz Asín. **Mirada externa:** El Patio Teatro. **Vestuario:** Edurne Ibáñez. **Música e espazo sonoro:** Gorka Pastor. **Vídeo:** Jesús Iriarte. **Iluminación:** Mikel Navascués e Livory Barbez

“ Dar voz a esas persoas sen nome, ás esquecidas, ás que ninguén levou flores

RAUXA CÍA. (Cataluña) *Teatro de papel*



5 € | 45 MIN | TODOS OS PÚBLICOS | SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA

Unha pausa, un erro nun sistema acelerado. Unha festa sen celebración, unha persoa na súa soidade, un monodílogo onde a imaxinación axuda co peso da soidade para dar paso a un mundo poético e onírico.

onde o circo contemporáneo atópase con novas temáticas e realidades, buscando o que aínda non foi creado. Xeran un universo propio, onde plasman a súa visión traxicómica e poética da vida.

Teatro de Papel é un espectáculo de circo contemporáneo que, a través dunha bagaxe de monicreques extraordinarios, o clown e o teatro físico, reivindica o poder da imaxinación.

“ Un momento suspendido no tempo onde o mundo se detén e a poesía danza

A compañía Rauxa, creada por dous artistas circenses especializados en manipulación de obxectos, acrobacia e danza, apostan por novos horizontes

Interpretación: Xavi Sánchez

Música: Jesús Acebedo

Idea orixinal e escenografía: Rauxa Cía

Autoría e dirección: Xavi Sánchez e Analia Serenelli





JOSÉ RAMÓN HERNÁNDEZ / OSIKÁN-VIVERO DE CREACIÓN (Cuba-Madrid)

Eyilá ashé ebbora - archivo vivo de resistencia



“ Un corpo que se pon ao servizo das que se poñen ao servizo

ENTRADA GRATUÍTA | 45 MIN | PÚBLICO ADULTO | SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA

O artista e investigador cubano afincado en Madrid José Ramón Hernández, director artístico de Osikán-vivero de creación, expoñerá o proceso de creación da súa obra *Eyilá ashé ebbora - archivo vivo de resistencia*, froito dunha residencia artística realizada en compañía doutros artistas no mes de xullo no Pazo da Cultura de Carballo.

Neste proxecto de creación escénica explora a espiritualidade como potencia política para a transformación social. Inspírase nos saberes subalternos das persoas afro, trans, racializadas e migrantes do sur global e os feminismos negros que se están producindo en España.

José Ramón Hernández é un artista interdisciplinar afrocubano que pon o foco nas ritualidades afrodescendentes, a performatividade das corporalidades periféricas, as espiritualidades ou as migracións, ensaiando os límites entre a ficción e a realidade. A súa práctica desprázase entre a dirección, a dramaturxia, a coreografía, o comisariado de artes en vivo, a instalación, a performance e a mediación cultural.

O OTNI complementábase así coa participación no proxecto pertencente ao Programa de Residencia Paraíso 2024 promovido polo Colectivo RPM co que colabora a Concellaría de Cultura e o FIOT.

PAULA QUINTAS CÍA. (Galicia)

Multiperspectivas#3



5 € | 50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS | SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA

Intérpretes: Paula Quintas, Arturo Cobas e Antón Coucheiro. **Intervención sonora:** Arturo Cobas. **Técnica de arame:** Stephanie Bouchard. **Vídeo:** Margherita Morello-16thunders. **Iluminación:** Laura Iturralde e Xacobo Torres. **Co-creación:** Rut Balbís, Arturo Cobas, Antón Coucheiro, Ana Gesto e Paula Quintas. **Dirección e coreografía:** Rut Balbís e Paula Quintas

Improvisación teatral, circo, danza, tecnoloxía e performance son os compoñentes desta proposta orixinal e nova que parte da nosa perspectiva como espectadores, deixando espazo para a interacción. O público gozará somerxéndose nunha instalación circense compartida a tempo real na que vivirá unha experiencia a curta distancia da acción, da que forman parte humor, risco, beleza e sorpresa.


Esta “cápsula #3” é a culminación dunha investigación na que a creadora, bailarina, coreógrafa e artista circense Paula Quintas experimenta cos límites das artes escénicas para enfrontarse coa realidade do espazo que nos rodea: os límites entre o privado e o público, e o vivencial na arte.

Paula Quintas creou a súa compañía no 2017, aínda que segue a formar parte doutras compañías de danza e artes do movemento. Os seus traballo destacan pola hibridación entre danza e circo e a estética do corpo en diálogo co movemento, xerando un compoñente visual e circunstancialmente audiovisual.

“ Perspectivas multidisciplinares e transversais

ALMEALERA (Castela e León)

Una rueda que da vueltas
(Entre molinos de agua y otras cosas en peligro de extinción)



“ A palabra cultura ven de cultivar. A palabra compañeiro, compañeira significa “aquel que comparte o pan”

5 € | 45 MIN | PÚBLICO ADULTO E A PARTIR DE 9 ANOS | SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA


“Cando tiña catro anos a miña familia restaurou un muiño de auga en ruínas. Trinta anos despois entrevistei á muller que moía naquel muiño cando era nena.” Comezou así un proceso de entrevistas a muiñeiras, pastoras e gandeiros de Ávila.

Esta historia, que se centra nun lugar, fala de moitos lugares máis. Unha roda que dá voltas é unha homenaxe a unhas vidas e a uns lugares. Un regalo de volta para non esquecerlos. Feito con auga, terra, palla, gran e fariña. Un círculo.

Unha roda... mezcla teatro documental co teatro de obxectos e materiais e narración oral, nun proxecto que busca propiciar a participación e a transformación social mediante procesos artísticos con e desde as comunidades.

Interpretación, autoría e creación escénica: Laura Santos. **Vestuario:** Laura Santos. **Diorama e ilustración:** Miriam Montilla. **Vídeo:** Nacho Goytre
Escenografía: El Patio Teatro, Marina Santos e Laura Santos. **Iluminación:** El Patio Teatro y Pilar Valdelvira
Dirección: Laura Santos e El Patio Teatro

TEATRO DE RÚA



PABLÍSIMO (Galicia)

Cabicivai

PRAZA DO CONCELLO
(En caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

“ Aventuras e risas sobre rodas



ENTRADA GRATUÍTA | 45 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

O contador de historias, Pablísimo, regresa cun novo e emocionante espectáculo: *Cabicivai*. Subido nunha bicicleta cargada de contos, leva as súas historias de acó para aló, facendo que a maxia aconteza en cada pedalada. E non vén só! Trae consigo un *Kamishibai* e tres misteriosos caixóns dos que pode saír calquera cousa!

Con máis de vinte anos de experiencia e máis de vinte espectáculos ás súas costas, Pablísimo sabe mesturar a narración oral, os monicreques, a música en vivo e o teatro de sombras para crear un show único e inesquecible a partir de contos propios, clásicos e contemporáneos, cheos de imaxinación, risas e sorpresas para facer gozar a grandes e pequenos.

Intérprete: Pablo Sánchez

ANIMACIÓN DE RÚA: Xoves 26 > 20.00

O FIOT acollerá un espectáculo de animación teatral de rúa, protagonizado polo polifacético artista **Walter Velázquez**. Abride ben os ollos e as orellas porque seguro que vos atoparedes con el polas rúas de Carballo coas novas do 33 FIOT. **Vémonos na rúa!**




* ESTREA EN GALICIA

PROYECTO KAVAUURI (Andalucía)

Lullaby

PRAZA DO CONCELLO
(En caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

“ Humor, acrobacias e circo... cun bebé !!!!



ENTRADA GRATUÍTA | 50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Pais “primerizos” e acróbatas. E hoxe, comezan o día co seu *máis difícil todavía* que non son os mortais nin as piruetas, senón a conciliación. O espectáculo ten que comezar, e o bebé acompañaraos. Agarran o carro e saen á pista.

Espectáculo acrobático de saltos frenéticos e agarres de último momento no que o caos e a torpeza convértense en comedia nunha combinación única con humor, acrobacias e a técnica circense da báscula, o seu distintivo.

Lullaby, é o novo traballo de Proyecto Kavauri, compañía andaluza de circo contemporáneo que conta con multitude de premios acadados a nivel nacional e internacional, como os once premios conseguidos en Circada 2023. por esta creación tan orixinal.

Intérpretes: Claudia Ortiz e Carmine Piccolo
Vestuario: Laura León
Escenografía: Carlos Monzón
Dirección: Claudia Ortiz e Carmine Piccolo



Venres 4 out > 19.30

PEDRAS DE CARTÓN (Galicia) *Moby Dick*

PRAZA DO CONCELLO
(En caso de choiva trasladarase ao
2º andar do Mercado Municipal)



ENTRADA GRATUÍTA | 40 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Ismael, un mozo que embarca nunha baleeira para enfrentarse a perigosas aventuras, atoparase cunha balea, un enorme cachalote de tres metros.

Moby Dick é unha adaptación libre e esteticamente espectacular da obra clásica de Herman Melville. Montado sobre un triciclo autónomo, a figura deste animal mariño moverá o seu corpo, abrirá e pechará os ollos, e incluso expulsará auga, creando un xogo dinámico e interactivo co público.

Pedras de Cartón presenta o seu novo espectáculo de rúa, sen apenas palabras, onde a comedia e unha posta en escena impresionante capturan a esencia dunha historia que atrapa a toda a familia.

Esta compañía é recoñecida pola adaptación de clásicos da literatura ás novas linguaxes e estéticas para achegar o teatro clásico aos máis novos, polo que obtiveron a Mención Especial no Festival de Almagro e varios nomeamentos aos Premios María Casares.

“ Un espectáculo case
sen palabras

Intérprete: Juan Rodríguez
Vestuario: Diego Valeiras
Escenografía: Iker Pérez
Dramaturxia e dirección: Juan Rodríguez

Venres 11 out > 19.30

CIRKOMPACTO (Galicia) *Mal de tolos (Consolo de moitos)*

PRAZA DO CONCELLO
(En caso de choiva trasladarase ao
2º andar do Mercado Municipal)



ENTRADA GRATUÍTA | 55 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Os nosos dous diaños favoritos volven á carga! Con máis tolemias, máis rock and roll, máis aparellos estraños e unha boa dose de humor suben de novo ao planeta Terra para buscar almas.

Mal de tolos (Consolo de moitos) é a última creación da compañía galega Cirkompacto na que se mestura clown, danza e acrobacia con humor físico, que promete diversión e reflexión sobre a realidade de xeito ameno e divertido.

Intérpretes: Ivan Casanova e Malala Ricoy.
Vestuario: Santos Salgado, Duvraska. **Deseño son e iluminación:** Nacho Martín. **Coreografía:** Walter Velázquez. **Escenografía:** Iván Casanova, **Autoría:** Cirkompacto e Walter Velázquez. **Dirección:** Walter Velázquez

“ *Tolemias e rock and roll*



PÍSCORE (Galicia) *Molto Barroco*

Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao compositor da corte unha peza orixinal. Esta petición desencadea unha serie de escenas cómicas entre o creador e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares.

Molto Barroco mergúllanos na corte real europea do século XVIII, onde a compañía Píscore Teatro mostra o seu dominio da comedia física e a súa destreza musical, ofrecendo unha posta en escena dinámica e visualmente atractiva cuns personaxes que levarán ao público por un percorrido cheo de sorpresas e risas, acompañados de moita música en vivo.



CENTRO SOCIAL
DE CANCES

“ Paseo esmendrellante
pola excelencia da música
barroca



5 € | 55 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas. **Dirección:** Fran Rei

Coa colaboración de AC San Campio de Cances



SAL DO TEATRO (Galicia) *Brokeback Sabucedo* (Paixón entre bestas)



CENTRO SOCIAL
DE VERDILLO



5 € | 65 MIN | PÚBLICO ADULTO

Dous amigos da infancia. Sabucedo. Un cabalo salvaxe. Un reto. Un encontro inesperado que espertará os instintos dunha revolución sexual en Roi e Rafa que levan ocultando desde que se coñecen.

A compañía galega Sal do Teatro achéganos un espectáculo de temática LGTBQ+ no ámbito rural de Galicia, concretamente, na celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo. Trátase dun canto á diversidade e unha homenaxe á tradición galega. Unha historia de amor prohibido e liberdade que nos convida a reflexionar sobre a aceptación, a valentía e o dereito a vivir en plenitude, sen importar as marxes impostas.

“ As nosas lembranzas
da mocidade son só iso,
lebranzas

Intérpretes: Borja Salgado e Santiago Telmo
Escenografía e vestuario: Sal do Teatro
Iluminación, Audiovisuais e Son: Alex Sobrino
Texto: Santiago Telmo e Carlos Losada
Dirección: Rocío Romero

Coa colaboración de AC e X. Arume de Verdillo

RÚA DOS CONTOS

A lá polo século pasado, o FIOT decidiu botarse por fóra e levar o teatro á xente, convertendo calquera espazo de Carballo nun escenario. Empezamos polos cafés e os bares e, claro, buscamos o amparo do humor, da retranca, da palabra, do xesto e da música e así nace a nosa benquerida Rúa dos Contos. A filla trouleira e fandagueira do festival que tantas noites de gozo nos trouxo.

A rúa está aberta a todos e a nosa Rúa foi a primeira entrada ao teatro de moitos dos fioteiros e fioteiras, que se “engancharon” ao FIOT para ir coñecendo outras propostas. Cando comezaba o hoxe vizoso universo da narración oral, a RdC constituíuse nun referente que permanece sólido un cuarto de século despois, nos que están todos os



mellores, os que comezan, os mestres e as novas xeracións, os contadores clásicos e os monoloxistas, acompañados da improvisación, do cabaré, da regueifa ou da maxia.

A Rúa transformou os bares en palcos de creatividade e liberdade e, desde a sinxeleza dunha luz e dun intérprete dando vida á palabra, sementaron teatro. A maxia logrouse a carón do público, coa súa complicidade.

Van aló 122 Noites de Rúa Chea do Outono de Teatro: máis de 250 grandes pequenos espectáculos, máis de 300 artistas distintos e miles de espectadoras e espectadores que foron seducidos por historias, contos, cancións e gargalladas en 40 locais que xa forman parte da nosa rúa de contos.

Longa vida á ovella negra do FIOT!

Xoves 26 set



> 18.30
Residencia de Maiores de Carballo
(Praza de Vigo)

WALTER VELÁZQUEZ
Rescate emotivo

O recital de música e humor de Don Carlos Calostro Meconio converte a súa visita nunha data especial. Conversa con todos e con todas canta, baila, recita poesía, interpreta a Shakespeare, improvisa viaxes soñados, xoga...

Un espectáculo participativo que viaxou por diversos países para acariñar a alma con tenrura e devolvernos á infancia a través da risa.

O clown Walter Velázquez é tamén actor, dramaturgo, director e imparte seminarios de rutinas de humor por España, Arxentina, Italia, Brasil ou México.

2 € | TODOS OS PÚBLICOS



> 21.00
Mesón do Pulpo

FEDERICO PÉREZ
Xa que o sabes, voucho contar (e cantar)

Cando pensamos que o sabemos todo, igual é o momento de pensar que non temos nin idea. Ou igual a nosa versión dos feitos non é a única boa. É máis, igual é a peor versión de todas. Que quero dicir con isto? Non o sei. Pero estame gustando escribilo.

O popular actor e monoloxista, Federico Pérez, levaranos de viaxe polas paisaxes da súa vida para coñecer algúns dos personaxes que o marcaron como cando nas películas do oeste se marcaban as vacas e os cabalos. E para iso, dará a súa versión dos feitos: de cando naceu, como se criou, da súa nai, do seu pai, da súa avoa, do lugar no que medrou, de onde está agora e, sobre todo, do lugar ao que, seguro, vai chegar: a morte.

Pero ademais de contalo, vaino cantar interpretando cancións tradicionais da nosa cultura fusionadas coa maxia Lennon e McCartney ou a paixón de Frank Sinatra para chegar a un estado de éxtase moi difícil de esquecer, como tamén o serán as gargalladas que nos vai arrincar coa súa coñecida idiosincrasia galega.

5 € | PÚBLICO ADULTO

Venres 27 set



> 21.00 *** ESTREA ABSOLUTA**
Valle Inclán Café

CÁNDIDO PAZÓ *Cagadas*

Unha metáfora nada metafórica sobre os pequenos fracasos, esas cagadas das que ninguén está libre e que deixan detrás un ronsel de recedentes historias que merecen ser contadas.

Con motivo da XXV edición da Rúa dos Contos, Candido Pazó regresará ao teatro a pé de barra para presentarnos en primicia o seu novo espectáculo de humor no que atoparemos un feixe de historias cheas de risas e retransca.

Ademais de mestre da narración oral, Pazó é un dos dramaturgos galegos de referencia, que desenvolveu boa parte da súa carreira en compañías propias, ben coñecidas polo público carballés como Ollomoltranvía ou actualmente Contraproducións. O seu traballo como director, autor e actor, complementábase coa súa faceta de narrador oral, unha actividade escénica na que é moi activo. As súas pezas acadaron varios premios Max e numerosos María Casares e, entre outros galardóns, Cándido é Xograr de Outono do FIOT e Premio da Cultura Galega.

4 € | PÚBLICO ADULTO



> 23.00
O Logradouro

EVARISTO CALVO *A ver que pasa*

Algo máis de setenta minutos de humor de variadas pelaxes. Sen pudor e aínda menos vergonza, Evaristo Calvo mostrará as súas fobias, as súas filias e a súa descarada indiferenza polos asuntos importantes, acompañándose tanto da súa non obra poética coma pola non obra narrativa. Da Paco's Barber Shop á historia dun arroutado camioneiro.

Un acto cómico diverxente no que se dan a man a ciencia lingüística, o terror, a desesperanza, o desacougo poético e a angustia existencial co único propósito de botar unhas risas falando con seriedade.

O recoñecido actor e integrante do dúo cómico Mofa&Befa, Evaristo Calvo, Xograr de Outono do FIOT, chega á Rúa dos Contos embarcado nunha aventura en solitario, escrita e interpretada por el mesmo.

Este show non é un monólogo, aínda que tampouco hai diálogo, xa que o fala todo el. Unha mestura de *stand-up*, narración oral, cabaré literario e algunha que outra parvada que seguro vos fará rir. Porque Evaristo promete que durante as súas actuacións non hai tempo para o aburrimiento.

5 € | A PARTIR DE 12 ANOS

Sábado 28 set



> 21.00
Casino 1889

JAZMÍN ABUÍN *Riquiña*

Por un lado “non sei”, e por outro, “que queredes que vos diga”. Ser riquiña está no seu ADN por xenética. E a retransca, por supervivencia. Ou quizais sexa ao revés. O feito é que este espectáculo non pretende molestar a ninguén. Ou si. Depende. Porque todos levamos un *hater* dentro. E a protagonista deste espectáculo, como é riquiña, si lle aparece, o único que pode facer é... abrazalo. Non?

A actriz, cantante e xornalista Jazmín Abuín visitará por primeira vez as Noites de Rúa Chea decidida a contar verdades disfrazadas de mentiras, apostando pola ironía e a retransca para que nos miremos ao espello desde a parodia.

A cabalo entre Madrid e Galicia, esta cómica de “El club de la comedia” participa tamén en programas de humor da TVG, compaxinando a súa faceta de monoloxuista coas rodaxes como actriz ou profesora de técnica vocal.

5€ | PÚBLICO ADULTO



> 23.00
A Estación

LETI DA TABERNA *Enredada*

Taberneira de nacemento e sociosanitaria de formación. Ela é Leti da Taberna, unha cómica dos pés á cabeza que este ano debuta na Rúa dos Contos co seu primeiro monólogo *Enredada*, co que nos arrincarás moitas risas (e algunha reflexión) sobre esa relación tóxica que temos coas redes sociais e como dominan as nosas vidas.

Desde o 2020, Leticia Miraz é creadora de contidos dixitais para Tiktok. A raíz do “encerro” que vivimos na pandemia, decidiu converter esta plataforma nunha “taberna virtual” e, tirando de retransca, facer crítica social e desmitificar en galego e con perspectiva feminista. Agora, con máis de 47 mil seguidores, compaxina o mundo dixital co analóxico como opinadora e monoloxuista en programas da TVG. Ademais, no último Carballo Interplay, foi nomeada unha das “Masters da Internet Galega”.

Se queredes vela en acción, xa sabedes onde tedes que vir.

5€ | PÚBLICO ADULTO

MIKI DKAI (Andalucía) Sois maravillosos. D.O. Cádiz

MERCADO
MUNICIPAL

Imaxinas como é a rutina dun pai rodeado de catro mulleres? Como sobrevivir cun só baño, un único coche, viaxes familiares... Todo o sinxelo, vólvese complicado, pero ao final, con humor, a familia é o máis importante.

O humorista gaditano Miki Dkai presenta por primeira vez en Galicia o seu novo show, unha comedia fresca e divertida coa que nos abre as portas da súa casa, do seu día a día coa súa muller ("la Pilar") e coas nenas... para que pasemos un rato divertidísimo. Estadese preparados?

Desde os seus comezos no mundo da comedia no ano 2010, foron moitos os programas de televisión nos que participou e miles os aplausos que recolleu nos teatros. Na actualidade, tamén está de xira con *Las Noches del Club de la Comedia*.



10 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO

Interpretación, autoría e dirección: Miki Dkai



Venres 4 out



> 21.00
Casino 1889

MARÍA DA PONTRAGHA E BLEUENN LE FRIEC

Contos entre cordas

Como reunir nun palco a unha narradora galega e a unha arpista francesa? Cal é a relación entre Claude Debussy e San Andrés de Teixido? O vínculo entre as rosquillas e a música romántica, entre a tradición oral galega e o repertorio da arpa clásica, entre os contos e as cordas.

Percorreremos un mesmo camiño na busca dun lugar común entre as nosas dúas formas de expresión. Entre a palabra de María da Pontragha, antropóloga e contadora de historias que sempre pon o acento na cultura das xentes de aldea como parte do realismo máxico da Pontragha, e a música de Bleuenn Le Fric, recoñecida arpista bretoa e galega de adopción.

4 € | TODAS AS IDADES



> 23.00
Café Colón

* ESTREA ABSOLUTA

CARLOS REBOLO *Instruccións para tomar café*

Retratos debuxados con humor e retranca onde a bondade e a mesquindade, o éxito e o fracaso, o real e o imaxinado conviven en perfecta desharmonía.

Esta escolma de historias que falan de nós, os humanos imperfectos que somos, está inspirada nos relatos de *Instruccións para tomar café* de Manuel Núñez Singala.

O contador de historias Carlos Rebolo que leva anos arrincando sorrisos e reflexionando desde o escenario, estrea na nosa Rúa dos Contos o seu novo espectáculo, disposto a facernos rir de nós mesmos e reflexionar sobre a vida ou, polo menos, sobre como tomar café.

4 € | PÚBLICO ADULTO

Sábado 5 out



> 23.00
0 Patacón

CARTA DE AXUSTE *O mellor e o peor dos 2000*

Isto vai moito máis aló dun simple concerto. Con tan só unha guitarra española, unha caixa peruana e dúas voces, os insensatos David Taboada e Iván Valdés conseguen darlle unha volta ás cancións de toda a vida, presentándoas dun xeito fresco e divertido. Desde o primeiro acorde, a complicidade do público converte cada actuación nunha festa disparatada.

Influenciados polos mestres do humor musical como Les Luthiers, Académica Palanca ou Los Gandules, estes dous artistas mergúllanse nunha aventura que mestura o teatro, a comedia e a música. Unha auténtica viaxe no tempo onde as cancións que coñecemos son revisitadas cun toque de retranca e unha chispa de tolemia.

4 € | PÚBLICO ADULTO



Ven 11 out > 23.00

MERCADO
MUNICIPAL

PARAÍSO TEATRO (Galicia) *Os diarios de Adán e Eva. Boleros no paraíso*



8 € | 70 MIN | PÚBLICO ADULTO

“Os boleros son a enciclopedia do amor”. Se de amor falamos, o que non está nos boleros non existe. Por iso transcenderon ao paso dos anos e das culturas. Se tivéssemos que poñerlle música ao paraíso de Adán e Eva, posiblemente soarían algúns dos boleros que escoitaremos neste espectáculo e que son unha interpretación dos textos de Mark Twain, un dos grandes escritores do noso tempo que, co seu enxeño e encantos habituais, presenta a historia do Xardín do Edén, cun Adán criatura de costumes e unha Eva exploradora. Un anaco de xardín e o aroma da primeira relación.

A compañía Paraíso Teatro proponnos un divertido paseo musical da voz de Eva e Adán, interpretados por Inés Salvado e Sergio Piñeiro, coa música en directo de

Xoán Porto e Carlos Abraira, baixo a atenta mirada de Roberto Leal.

Tentados por unha serpe, catro artistas de recoñecido prestixio e talento no eido escénico xúntanse neste proxecto no que liberar a súa excelsa creatividade, combinando as dúas artes que dominan de xeito maxistral, a interpretación e a música. Todo isto é o que se di. Pero o certo é que alí onde estean eles, está o Paraíso. Quedades convidados/as a gozar del.

Intérpretes: Inés Salvado e Sergio Piñeiro
Música: Xoán Porto e Carlos Abraira
Autoría: Mark Twain
Dirección: Roberto Leal

MICRO-ESCENAS M²

Sen medo, sen barreiras, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos comunitarios,... nun metro cadrado.

Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos das actrices e actores, e case tocar, ulir e mesmo saborear, para continuar vivindo intensamente unha experiencia teatral diferente.

A VIII edición do *Certame de Micro-Escenas M²* continúa apoiando a creación escénica de novos formatos e a compañías e artistas emerxentes, ofertando un espazo no que poder experimentar e investigar sobre os límites do feito teatral.

Acceso aos espectáculos: entrada gratuíta ata completar aforo.
Dadas as limitacións de aforo, recoméndase facer unha reserva no enderezo electrónico fiot.microteatroentrada@gmail.com (indicando nome espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto).

Entre as 44 propostas recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis propostas que xogan coas artes do movemento, teatro-clown, instalacións interactivas de monicreques, performance musical, teatro...

Probadores da tenda de roupa Akira, sala en Orixe Centro de Psicoloxía, Fonte da Cristina, estudo de arte gráfica Ouvea Creatividade Gráfica, Mercado de Abastos e espazo cultural editorial Espiral Maior Foro serán os escenarios destas propostas, catro delas estreos absolutos.

A valoración do público será a que premie a mellor interpretación e o mellor espectáculo.



SEMPRE ARRIBA *Respira*

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00
ORIXE CENTRO DE PSICOLOXÍA (Gran Vía, 52)

O público asistente participará nunha sesión holística onde favorecer o encontro cun mesmo, re-conectar coa propia paz interior, recuperar o equilibrio, aliñar as chakras, curar as túas feridas da infancia, pechar patróns familiares, re-conectar co teu nen@ interior, vivenciar vidas pasadas, constelar aos teus antepasados, ser a túa propia guía e a túa propia luz, alcanzar a túa versión máis elevada, abrir a conexión ao micro/macro cosmos, e se queda tempo, saborear un yogui tea.

Desde o clown e o humor preséntase esta proposta cómica. Unha pequena parodia ás dificultades de baixar o noso ritmo de vida actual da man desta compañía galega de clown e circo.

“ Só senta... reláxate...
E respira

15 MIN | 12 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Inda Pereda e Marta Iglesias



CARMEN DOMECH *Cronopios a escena*

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00
ESPIRAL MAIOR FORO (Sol, 34)

Instalación interactiva na que oito pequenos escenarios contan con todo o necesario para desenvolver escenas curtas do libro de Julio Cortázar “Historias de Cronopios e de Famas”. Os personaxes son títeres fáciles de manipular. Cada unha das escenas ten o seu texto correspondente. E fronte a cada escenario hai un par de cadeiras. Os asistentes serán títriteiras e títriteiros ou público de cada unha das historias.

Manipuladores e público conectarán a través dos monicrekes, con estes pequenos textos coa seriedade do xogo e o divertimento, con estes personaxes que habitan unha sociedade non moi afastada da nosa.

“ Quen non se sentiu Cronopio
nalgún momento? Ou Fama
ou Esperanza?

20 MIN | 24 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Idea e creación: Carmen Domech
Textos: Julio Cortázar

Sábado 19 out



VÓRTICE ESCÉNICO

Rebel Rebe

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00

AKIRA tenda de roupa (Ponte, 6)


Dúas mulleres en distintos momentos vitais, dúas descoñecidas que se atopan nun probador e poden ter experiencias similares. Podemos sentir a carón de persoas sen chegar a saber ata que punto comparten feridas connosco. Sentímonos a salvo entre esa multitude xorda e cega que non vai apelar aos nosos medos.

Esta parece ser a situación de partida, un breve instante na vida de Rebeca, aparentemente feliz e despreocupada que cría que Bowie chamaba por ela na canción Rebel, Rebel. Unha inocencia inherente que ela segue conservando pese a que agocha unha dura realidade que inconscientemente négase a ver.

“ Rebel rebel, you’ve torn your dress

15 MIN | 7 PERSOAS | A PARTIR DE 16 ANOS

Dramaturxia e dirección: José L. Baños de Cos
Interpretación: Andrea Blanco e Ana San Fernando



* ESTREA ABSOLUTA

AVIVA-LO

Teño un caravel no peito

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00

FONTE DA CRISTINA (Avenida da Cristina)

Peza performativa musical a través da cal imaxinamos a lenda da Fonte da Cristina. Buscase que o mito se faga realidade, que o público o presencie, para que fique logo na súa memoria. Dúas mouras serán as protagonistas servindo como representación de dous seres queers, para a través delas contar a realidade do colectivo LGBT+ é o que os converte nun colectivo, como pese a que as persoas son moi diversas son capaces de unirse, de comprenderse e de construír unha comunidade forte.

Un xogo coa fonte e o canto, con diferentes obxectos e a propia auga que acompañado dunha peza musical que nace da música tradicional galega e das súas coplas irán construíndo ese son, esa historia.

“ Un feito entre real e imaxinario que ficará por sempre

12 MIN | 15 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e realización: Sergio Marey e Alberto Ovejero

Sábado 26 out



VAIEMBORA

Wasteland

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00

OUVEA CREATIVIDADE GRÁFICA (Gran Vía, exterior Mercado municipal)

Unha radiografía da sociedade, poñendo o foco na relación coa natureza. Como se comporta un corpo fronte a unha crise medioambiental? Como reacciona? Como se move? Como se comunica?

Unha peza de teatro físico a modo de collage para unha bailarina. Unha investigación artística entorno a relevancia que ten o ecoloxismo dende a perspectiva de tres creadoras da xeración Z que emprega o corpo como linguaxe, como reflexo da ecoansiedade, a produtividade feroz e o esgotamento que produce en todos nós a sociedade actual.

“ Que quedará do mundo cando non quede nada

20 MIN | 10 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Dirección e dramaturxia: Diego Chamizo
Coreografía e interpretación: Sofía Rodal
Vestuario e gráfica: David Vila



ARTESA CÍA.

Panos de vinagre

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00

POSTO DO MERCADO MUNICIPAL

Unha acción inspirada no valor do legado familiar intanxible.

Coa lembranza dunha bisavoa, Xenerosa, como fío condutor, a artista fai ao público participe dunha historia real de violencia e como as mulleres da súa familia utilizaban panos de vinagre para curar os negróns.

Unha historia tantas veces repetida, na que o patrimonio inmaterial interxeracional se converte no mellor aliado contra a violencia machista e na que se chama a reflexionar sobre a súa importancia.

“ De seguro a túa familia tamén che deixou un ben inmaterial parecido ao meu. Que tes pensado facer con el?

15 MIN | 15 PERSOAS | A PARTIR DE 12 ANOS

Creación e interpretación: Laura Villaverde

EN PARALELO



Gala presentación do programa do FIOT 2024

Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo

A asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo compartirán cos espectadores, cos socios de Telón e Aparte, co voluntariado do festival e coas institucións e entidades colaboradoras o programa que elaboramos para a 33ª edición do FIOT.

Durante o transcurso do acto, a Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Galeatro, participará na presentación realizando unha intervención teatral.

Data: venres, 6 de setembro

Hora: 19.30 h

Lugar: Pazo da Cultura. Recoméndase confirmar asistencia

O reto da sustentabilidade

Temos un compromiso coa sustentabilidade, un reto que nos marcamos hai uns anos e no que queremos avanzar edición a edición. O FIOT é algo máis que un evento e reivindicamos a potencialidade do noso festival como xerador de redes e de vínculos coa comunidade, como promotor do desenvolvemento das persoas e do territorio.

De Carballo, como o máis próximo, e do ecosistema das artes escénicas galegas,

no que tamén pretendemos desempeñar un papel dinamizador.

Desde hai uns anos, potenciamos esta responsabilidade cun proxecto específico que pon o foco no concepto de sustentabilidade, en liña cos desafíos mundiais da Axenda 2030.

Procuramos a incorporación dos principios da Axenda nas diversas iniciativas do festival, con prácticas que redundan na cogobernanza, na mediación entre axentes, na promoción da igualdade, na formación, ou na sostibilidade do proxecto.

As temáticas abordadas nas obras ou a configuración de equipos artísticos redundan nestes valores, á vez que se continúa coa oferta da tradución a linguaxe de signos dalgúns espectáculos para fomentar a inclusión ou expandimos por múltiples espazos as representacións teatrais para chegar a colectivos diversos. Estade atentos ás redes para estar informados sobre as obras co servizo de tradución.

O énfase na utilización de recursos dixitais e en liña, a potenciación da páxina web e das redes sociais, e a redución paulatina no uso do papel en programas, información, entradas ou votacións son algunhas das medidas postas en marcha nos últimos anos encamiñadas á utilización de recursos máis accesibles económica e medioambientalmente máis responsables.

FIOTIÑO



O programa especial do FIOT para nenos e nenas

Tes menos de 14 anos? Pois prepárate porque chega unha nova edición do FIOTiño cargado de propostas especiais para que te conectes dunha vez por todas ao teatro. A creación sonora desde as ondas no veterano Concurso de Teatro Lido; as funcións ao aire libre nos divertidísimos espectáculos de Teatro de Rúa; o convite a descubrir o teatro máis creativo e alternativo da man do OTNI e breves (pero intensas) citas en primeiro plano agardan por ti neste FIOT. E moito máis que non debes perder!



XXIII Concurso Escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís

Unha proposta moi especial para facer teatro doutro xeito

As voces da rapazada levarán o teatro aos fogares de todos os recunchos de Bergantiños a través das redes sociais e as ondas radiofónicas.

Grazas á participación dos centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca e coa finalidade de promover o teatro entre os máis cativos e cativas favorecendo así a iniciación na interpretación a través da lectura dramatizada, continuamos con esta proposta que xa vai pola XXIII edición. A participación será mediante un arquivo de audio ou vídeo, coa gravación da lectura, polo que todos/as poderemos escoitar as interpretacións dos grupos participantes a través das redes sociais do festival.

O xurado seleccionará unha dúcia de grupos que gozarán da experiencia radiofónica nos estudos profesionais de Radio Nordés Cadena Ser e, de dita gravación saíran os finalistas que volverán a realizar a súa lectura en directo na emocionante gala final, que se levará acabo o 10 de novembro no auditorio do Pazo da Cultura, na que o xurado fallará os premios por un importe de 850 €. E, por suposto, poremos o broche final coa tradicional chocolatada!

Organiza: AC Telón e Aparte. **Colabora:** Radio Nordés Cadena Ser e Librería Brañas Verdes
Prazo de inscrición: ata o 4 de outubro. **Gala final e acto de entrega de premios:** Pazo da Cultura, domingo 10 de novembro.



Teatro de Rúa (páxinas 19-23)

Coa pandilla, coa familia, coa veciñanza, ou sós.... Ven á rúa, goza coa diversión do circo, da maxia, dos malabares, acompañado de moito humor e sorpresas.

Ven 27 set: PABLÍSIMO

Ven 27 set: PROYECTO KAVAUARI

Ven 4 out: PEDRAS DE CARTÓN

Ven 11 out: CIRKOMPACTO

Máis propostas!

Un ano máis, o FIOT en Ruta, o OTNI e as Micro-Escenas M² tamén pensan en vós con propostas innovadoras, atrevidas e moi divertidas que vos sorprenderán. Enrédate cos maiores e que comece a función!

> **FIOT en Ruta** (páxinas 24-25)

Dom 13 out: PÍSCORE

> **OTNI** (páxinas 13-18)

Dom 6 out: ESTEFANÍA DE PAZ ASÍN

Dom 13 out: RAUXA CÍA

Ven 18 out: PAULA QUINTAS

Ven 25 out: ALMEALERA

> **Micro-Escenas M²** (páxinas 34-37)

Convidámosvos a ver, ulir, respirar, sentir (e case tocar) o teatro. Onde? Nas **Micro-Escenas M²**, que, nesta edición, encherán de arte, danza e improvisación desde un centro de psicoloxía ata unha tenda de roupa pasando por un estudo de deseño gráfico. E todo en menos de 20 minutos. Vémonos o sábado 12, 19 e 26 de outubro, ás 12.00, 13.00, 18.00 ou 19.00 horas. Ti elixes!

FIOTEEN

Especial FIOT para adolescentes

O FIOT ten un compromiso especial coa mocidade. Botámola en falta e queremos transmitirle a paixón polo teatro. Desde hai sete anos, o FioTEEN é a canle para saír na súa procura.



Este ciclo está confeccionado á súa -á vosa- medida con espectáculos arredor da súa realidade e intereses; con primicias das coproducións nas que participamos; e con accións cotiás nun dos seus contornos principais, os centros de ensino secundario, presentándolle a programación ordinaria do festival que por temática, enfoque ou formato lles poida ser máis afín.

A complicidade dos centros de ensino é esencial para facilitar o noso achegamento, e queremos agradecerlles a súa implicación.

Para mellorar a súa accesibilidade, as propostas específicas teñen carácter gratuito e nas do resto do programa poderán acollerse a prezos especiais.

Non perdades a oportunidade de atoparvos co teatro na barra dun bar, de asombrarvos e rir co circo na rúa, de vivir experiencias insólitas nun posto do mercado ou nunha tenda de roupa ou gozar de grandes espectáculos. E coma sempre, poderedes poñer a proba as vosas dotes escénicas no singular Concurso de Teatro Lido.

Imposible non atopar algo que vos interese.

Estade atentos/as ás redes, que haberá sorpresas!



Accións teatrais nos institutos. Galeatro Teatro

Coa alianza dos institutos, manterémosvos informados de todo o que pasa no FIOT a través da compañía Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con píulas informativas para presentar espectáculos.

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez
Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo. **Dirixido a:** alumnado

Ven 4 out > 11.00

BERROBAMBÁN

Mulleres que viven soas #MQVS




O alumnado de secundaria terá a oportunidade de coñecer en primicia testemuñas reais tecidas con historias de ficción nun formato teatral innovador para reflexionar sobre o medo atávico ás mulleres independentes e as dificultades que estas senten no transcurso do seu camiño.

A función será no Pazo da Cultura e ao seu remate haberá un encontro coa compañía. Máis información sobre este espectáculo na páxina 5

Mér 16 out > 11.00

TALÍA TEATRO (Galicia) DeseXo



“

Porque desexos hai moitos, si, pero que sabemos realmente de sexo?

GRATUÍTA | 70 MIN | PAZO DA CULTURA

Estamos preparados para ter unha sexualidade sa? Onde aprendemos o que sabemos sobre sexo? Na pornografía? Nas redes sociais? Vivimos na sociedade do desexo, a máis sexualizada da historia, pero na que todas estas cuestións seguen a ser tabú.

A través de situacións cotiás, expóñense as presións, os estereotipos e as frustracións que xorden da falta dunha formación sexual adecuada.

Utilizando o humor, convidase a reflexionar sobre a educación sexual na sociedade, cuestionando como a pornografía e as

redes sociais están a ocupar o espazo que debería corresponder ao fogar e aos centros educativos.

Este espectáculo xorde dun proceso de investigación da compañía ceense Talía en colaboración coa sexóloga Bárbara Penas.

Intérprete: Marta Ríos e Dani Trillo
Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro
Iluminación: Dani Trillo
Escenografía: Víctor Núñez
Autoría e dirección: Diego Rey

> Ao remate da función haberá un encontro coa compañía

Creando públicos

Onda FIOT

A iniciativa dixital do festival! O FIOT virtual. A integración das novas tecnoloxías no mundo das artes escénicas abriu novas posibilidades para achegar o feito artístico ao público. En resposta a esta evolución, hai un par de anos, decidimos crear Onda FIOT, unha iniciativa que potencia e dá forma aos formatos sonoros e dixitais, configurando un programa que enriquece e expande a nosa oferta cultural.

Onda FIOT agrupa diversos proxectos que se foron desenvolvendo ao longo dos anos e impulsa novas iniciativas para ofrecer unha visión completa do festival.

Arquivo de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís

Un dos principais compoñentes desta iniciativa é o concurso de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís, que crea un arquivo sonoro coas creacións dos nosos teatros máis miúdos, os primeiros cos que exploramos este ámbito.

Este proxecto, que conta xa con 23 anos de traxectoria, permite que as obras dos máis pequenos/as poidan ser escoitadas e disfrutadas en calquera momento.

FIOT Fónico

Tamén integramos as obras do FIOT Fónico, creando un espazo de referencia onde o teatro sonoro está sempre accesible para carballeses e visitantes, permitindo descubrir novos mundos na nosa contorna. No ano 2020 producimos *A lúa, válvula de spray* da dramaturga carballesa Rosalía Fernández Rial, dirixida por Quico Cadaval. No 2021, a produción do FIOT Fónico foi *O espello que arde*, de Marta Lado e dirixida por Marcos PTT Carballido.



O proxecto Onda FIOT tamén inclúe a Escola do Espectador nas Ondas, unha extensión da tradicional Escola do Espectador. Na web do FIOT tes aínda dispoñibles interesantes sesións con prestixiosos creadores realizadas estes anos.

Escola do Espectador nas Ondas

Para enriquecer a nosa proposta educativa, o FIOT introduce a Escola do Espectador nas Ondas, que combina a formación de públicos coa utilización de novos medios dixitais. Esta liña de encontros en formato podcast, gravados en vivo en Carballo, permite que xornalistas especializados e membros dos equipos compartan os detalles dos proxectos artísticos.

Estes encontros celebraranse no salón social do Pazo da Cultura durante o mes de outubro, proporcionando unha visión profunda e accesible sobre as obras do festival.

Nas redes podes atopar información actualizada e detallada sobre as compañías e xornalistas que participarán. Anota as datas.

E, se non podes asistir en directo, podes escoitar as sesións unha vez rematadas a través da páxina web www.fiot.gal.

Café con...

Os Cafés con... son espazos de encontro entre compañías e espectadores, creados para achegar ao público o proceso creativo e a elaboración dos espectáculos arredor dun café.

Sempre que as circunstancias o permitan, as compañías que forman parte da programación participarán neste espazo de diálogo que se celebrarán no Pazo da Cultura antes do inicio de cada función de sala, complementando o festival e ofrecendo unha oportunidade única para interactuar coas compañías e coñecer mellor o seu traballo.

Aberto ao público sen necesidade de inscrición.

Datas de celebración e hora: os días de función do Programa de Sala, se as circunstancias o permiten.

Lugar: Pazo da Cultura. **Organiza:** AC Telón e Aparte. **+ info:** www.fiot.gal

Xornadas Profesionais da Escena Galega 2024. As artes escénicas profesionais e os públicos: do concepto de espectador ao da comunidade en torno á escena

A Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas volve escoller o FIOT para celebrar as súas xornadas profesionais anuais, reafirmando unha vez máis a súa conexión co festival como punto de encontro fundamental para o sector das artes escénicas en Galicia.

Este ano, as xornadas centraranse nun tema de vital importancia: os públicos nas artes escénicas profesionais. Será unha xornada



de reflexión e traballo dirixida a todos os profesionais do sector, desde as compañías ata os programadores ou xestores, onde se abordará o papel dos espectadores como parte esencial do ecosistema cultural. A análise non se limitará ao público convencional, senón que incluírá unha perspectiva ampla que contempla a creación de programacións escénicas estables e accesibles a todas as persoas, independentemente da súa condición socioeconómica, física ou do seu lugar de residencia.

Entre os temas que se discutirán destacan a atención a públicos con menos visibilidade, como os adolescentes, a importancia da accesibilidade, as estratexias de comunicación eficaces, as relacións co mundo educativo, o papel do medio rural nas artes escénicas, e as artes do movemento.

Organizada por Escena Galega en colaboración co FIOT e co Concello de Carballo, esta xornada promete ser un espazo de intercambio e aprendizaxe, onde se buscarán solucións conxuntas para facer das artes escénicas unha experiencia máis inclusiva, diversa e accesible para todos os públicos.

Data: martes 22 de outubro

Hora: durante todo o día

Lugar: Salón de Actos do Pazo da Cultura

Inscrición: do 7 ao 20 de

outubro, en info@escenagalega.gal



Creando teatro

Creando Teatro: Coproducións e residencias artísticas do FIOT

Procurando ir máis aló da difusión e dinamización teatral, un dos obxectivos do FIOT é participar na creación escénica, servindo de marco para a estrea de espectáculos e colaborando con compañías na xeración de novas propostas, implicándose ademais na súa produción.

Nesta edición, a coprodución do FIOT é coa veterana compañía galega Berrobambán, liderada por Paula Carballeira, unha destacada e polifacética creadora das artes escénicas galegas, recoñecida o pasado ano co Premio Nacional de Literatura Dramática e tamén unha das nosas Xogresas de Outono, o que fai desta colaboración algo moi especial. Ademais, o proxecto *Mulleres que viven soas #MQVS* está ligado a un dos eixos do FIOT, a narración oral e as intérpretes son tres mestras nesta disciplina.

O Pazo da Cultura acolleu tamén en residencia a citada coprodución con Berrobambán, así como a do creador cubano afincado en Madrid, José Ramón Hernández, neste caso, a través da colaboración co programa interinstitucional Residencias Paraíso, impulsado polo colectivo RPM co apoio da AGADIC e do Concello de Carballo.

O FIOT tamén ten como misión dar visibilidade e promocionar o teatro galego, non só en Galicia, senón tamén a nivel nacional e internacional, a través do esforzo comunicativo que fai que cada vez resoe con máis forza fóra da nosa comunidade.

Nesta edición, están previstas 8 estreas absolutas de espectáculos galegos, 4 delas pertencentes ao ciclo Micro-Escenas M², un programa que busca impulsar a creación detectando e dando visibilidade a creadores emerxentes que exploran novos formatos e espazos teatrais.

Ademais, acolleremos a estrea en Galicia da grande maioría dos espectáculos de fóra da nosa comunidade ou unha estrea en España que forman parte do programa deste ano, sumando 7 novas propostas que enriquecerán a programación do festival.

Rutas compartidas

Outra frutífera relación é a que mantemos co programa Camiño Escena Norte, unha iniciativa liderada por Escena Galega que integra ás asociacións das compañías de artes escénicas das comunidades situadas na ruta histórica dos Camiños de Santiago (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Navarra). Este programa ten como obxectivo fomentar a colaboración e a programación cultural entre estas rexións.

A través do itinerario Constelacións, participamos na programación conxunta dun espectáculo dunha destas comunidades. Nesta edición, recibimos no FIOT a obra *Olvido Flores*, de Estefanía Paz Abuín, procedente de Navarra. Esta colaboración non só enriquece a nosa programación, senón que tamén abre un novo *Vieiro* territorial, proxectando o festival máis aló das nosas fronteiras e reforzando o noso compromiso coa diversidade cultural e a conexión entre territorios.



Premio do Público

Queres formar parte activa do FIOT e influír na programación das vindeiras edicións? Agora tes a oportunidade de facelo! A túa opinión conta, e moito, para nós. Por iso, invitámoste a expresar o que pensas sobre os espectáculos que desfrutas durante o festival.

Despois de cada función, poderás puntuar a obra que acabas de ver, valorando diferentes aspectos como a interpretación, a dirección, o guiño, ou o impacto emocional que che produciu. Estas puntuacións son fundamentais para nós, xa que non só nos axudan a mellorar, senón que tamén permiten que o público, como ti, participe na creación do FIOT do futuro.

A obra que reciba a mellor puntuación do público será convidado a formar parte dunha futura edición do FIOT cun novo espectáculo. É a túa oportunidade de ver de novo, e quizais de maneira diferente, as compañías que máis te impactaron.

O gañador do FIOT 2023 foi *Prima Facie*, de Producciones Teatrales Contemporáneas, cunha puntuación de 4,49 puntos sobre 5. Grazas ás vosas valoracións, poderemos contar con eles nunha nova edición, ofrecendo unha vez máis teatro de calidade que conecta co noso público.

Non deixes pasar a oportunidade de ser parte deste proceso creativo e de facer do FIOT un festival aínda máis próximo aos seus espectadores. Comparte a túa opinión e axúdanos a seguir traendo o mellor teatro a Carballo.

Voluntariado FIOT

Desde hai 13 anos, o programa de voluntariado do FIOT reúne a máis dunha vintena de persoas solidarias, altruístas e afeccionadas ao teatro, dispostas a dar o mellor de si para que cada edición sexa inesquecible. Se a ti tamén che apaixona o teatro e queres vivir unha experiencia única, temos unha proposta que non poderás rexeitar: únete ao noso equipo de voluntariado e forma parte dun dos festivais máis icónicos de Galicia.

Non esperes máis! Entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300 e descubre como podes colaborar co FIOT. A túa implicación é clave para que o festival siga crecendo e mellorando cada ano. Vémonos no FIOT!

#procuramosousados





ZOOM FIOT 2024

O Zoom FIOT é un proxecto fotográfico que, desde hai nove anos, vén ofrecendo unha visión íntima e persoal do Festival Internacional Outono de Teatro.

Cada ano, un grupo de fotógrafos teñen a oportunidade de seguir un espectáculo durante un día, capturando eses momentos previos á maxia que ocorre sobre o escenario: a montaxe, os ensaios, a maquillaxe, o vestiario e outras actividades entre bastidores. Selecciónanse varias obras de cada fotógrafo, que formarán parte dunha exposición na seguinte edición do festival.

Grazas a esta iniciativa, ampliamos a nosa mirada sobre o mundo do teatro, á vez que achegamos ambas artes.

“ *Unha visión íntima e persoal do festival*

Unha ollada privilexiada ao corazón do FIOT



Exposición ZOOM FIOT 2023

Esta mostra é unha ollada privilexiada ao corazón do FIOT, que recolle unha selección de imaxes únicas que capturan a esencia e a vida oculta do festival. Oito fotógrafos foron os encargados de inmortalizar momentos únicos, desde os preparativos ata os ensaios, pasando por esas escenas que o público non adoita ver e que ofrecen unha perspectiva nova e emocionante.

O festival agradece a súa colaboración a os artistas participantes nesta edición: José Luis Castro, José Manuel Varela, Fernando Nieto, Kiko Rojo, Criss Becerra, Andrea Sánchez, Luz Vilas e Marcos Rodríguez.

Data: Do 26 de setembro ao 31 de outubro
Lugar: Sala exposicións Pazo da Cultura. Andar -1

Se a fotografía é a túa paixón e queres vivir o FIOT desde un ángulo diferente, non deixes pasar esta oportunidade! O Zoom FIOT convidate a ser parte dun proxecto único onde poderás captar a esencia oculta dun dos festivais de teatro máis importantes de Galicia. Ponte en contacto con nós e participa na seguinte edición.

Un dos grandes nomes das artes escénicas galegas súmase á comunidade de honra do FIOT: Avelino González. A súa ampla e extensa carreira, que abarca dende o teatro e a narración oral ata a dobraxe e a tradución, demostra a súa versatilidade e compromiso coas artes escénicas.

Con este recoñecemento, os xogrades e xogradesas do FIOT queren premiar non só a súa contribución ao teatro galego, senón tamén o seu carisma e a súa capacidade para conectar profundamente co público, reafirmando a súa posición como unha figura imprescindible na escena cultural galega.

Avelino González é un auténtico embaixador da cultura galega. A súa traxectoria comezou nos anos 80, e desde entón explorou campos tan diversos como o teatro, a televisión e a animación de rúa. Destaca por ser un dos pioneiros da narración oral en Galicia, así como por traducir obras para a dobraxe e o teatro. A súa participación en proxectos destacados como as series *As Leis de Celavella* e *Padre Casares*, e as súas actuacións en escenarios internacionais como Polonia e Cuba, subliñan a súa relevancia e impacto cultural. Unha pegada que coñecemos ben en Carballo e no FIOT, onde é moi querido e aplaudido polo público cada vez que pisa un escenario: sexa no auditorio do Pazo da Cultura como no antigo Cine Rega, da man de compañías como OllomolTranvía, Teatro do Aquí e Contraproduccións, ou na Rúa dos Contos cos seus propios monólogos.

Avelino González



GALARDÓNS ANTERIORES

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro recoñece a unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección do galardoador/a correspóndelle aos anteriores Xogrades de Outono e á AC Telón e Aparte. En edicións pasadas xa foron merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago “Kukas”, Alberto Gende, Xosé Manuel Olveira “Pico”, Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”, Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño, Manuel Lourenzo, Patricia de Lorenzo, Carlos Alonso, Casilda Alfaro, Evaristo Calvo e Ana Romani.



> PREZOS ENTRADAS E BONOS (gastos de xestión non incluídos)

Programa de Sala

> BONOS: 90 € / 85 €

Póñense á venda un total de 200 bonos para asistir ás funcións dos días 5, 11, 12, 19, 20, 26, 27 e 31 de outubro.

90 €: prezo ordinario.

85 €: prezo reducido (carné xove, estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos, menores de 20 anos e parados, deberá acreditarse debidamente esta circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo).

> ENTRADAS: 10 € / 12 € / 15 € / 18 €

10 €: Berrobambán (5 out), Miramedia e Grec Festival (11 out), Compañía Criolla (19 out).

12 €: Andre Jiménez, Barco Pirata e Teatro de la Abadía (26 out), Las niñas de Cádiz (27 out).

15 €: Butacazero (12 out), Producciones [Off] e Vania (20 out).

18 €: Teatro Kamikaze (31 out).

Ciclo OTNI

> ENTRADAS 5 €

5 €: Estefanía de Paz Asín (6 outubro), Rauxa Cía. (13 outubro), Paula Quintas Cía. (18 outubro), Almealera (25 outubro).

Certame de Micro-Escenas M²

> ENTRADAS GRATUÍTAS

Recoméndase reserva no correo fiot.microteatroentrada@gmail.com a partir do 25 set. (Páxinas 34-37).

Rúa dos Contos

> BONOS: 40 €

Para asistir a todas as funcións da RdC:

- Federico Pérez (26 set).
- Cándido Pazó (27 set).
- Evaristo Calvo (27 set).
- Leti da Taberna (28 set).
- Jazmín Abuín (28 set).
- Miki Dkai (29 set).
- María da Pontraghá e Bleuenn Le Fric (4 out).
- Carlos Rebolo (4 out).
- Carta de Axuste (5 out).
- Paraíso Teatro (11 out).

(Número limitado de bonos).

> ENTRADAS: 4 € / 5 € / 8 € / 10 €

4 €: Cándido Pazó (27 set), María da Pontraghá e Bleuenn Le Fric (4 out), Carlos Rebolo (4 out), Carta de Axuste (5 out).

5 €: Federico Pérez (26 set), Evaristo Calvo (27 set), Leti da Taberna (28 set), Jazmín Abuín (28 set).

8 €: Paraíso Teatro (11 out).

10 €: Miki Dkai (29 set).

Fiot en Ruta

> ENTRADAS: 5 €

- Píscore (13 out).
- Sal do Teatro (27 out).

> PUNTOS E DATAS DE VENDA

Venda anticipada

www.ataquilla.com | www.fiot.gal
www.facebook.com/festivalFIOT

> BONOS Programa de Sala

- SOCIOS AC TELÓN E APARTE: Do 12 ao 19 set.
- PÚBLICO EN XERAL: A partir do 23 set.

> BONOS E ENTRADAS Rúa dos Contos

- A partir do 16 set.

> ENTRADAS SOLTAS

(Programación Sala, OTNI, FIOT en Ruta).
- Desde o 23 de set ata o día antes de cada función.

> FUNCIONS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

- A partir do 16 set nos propios locais ou en www.ataquilla.com

Venda o día da función

Na billeteira habilitada no espazo da función **desde 90 minutos antes do seu inicio** (gastos de xestión incluídos).

Os espectáculos non incluídos nesta relación

son de acceso gratuito. Recoméndase a reserva nos casos indicados neste programa.



- Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, o boño ou a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.
- A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio da función.
- Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.
- As entradas ou bonos non poderán ser cambiados nin reembolsados, a excepción da cancelación do espectáculo.
- Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.
- Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

Sede do Festival:



Festival membro de:



Rúa do Pan, s/n | Carballo | T 981 70 43 00



COORDENADAS GPS:

Latitude 43.211702 | Lonxitude -8.695394

LOCALIZACIÓN:

Mercado Municipal: Pza. Concello, s/n – Rúa Gran Vía, s/n
Residencia de Maiores de Carballo: Praza de Vigo, 11
Casino 1889: Rúa Vázquez de Parga, 1
Mesón do Pulpo: Avda. Fisterra, 23
O Patacón: Rúa Ourense, 19
Valle Inclán Café: Rúa Valle Inclán, 2
Café Colón: Rúa Colón, 7
A Estación: Rúa Pontevedra, 7
O Logradouro: Rúa Lugo, 2
Centro social de Cances: Cances da Vila, s/n. Cances
Centro social de Verdillo: A Garrida, 19. Verdillo
Orixe Centro de Psicoloxía: Gran Vía, 52
Espiral Maior Foro: Sol, 34
Akira (tenda de roupa): Ponte, 6
Fonte da Cristina: Avda. da Cristina
Ouvea Creatividade Gráfica: Gran Vía, exterior Mercado Municipal
Posto do Mercado Municipal: Praza do Concello, s/n

O FIOT, UN FESTIVAL ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE E O CONCELLO DE CARBALLO

Dirección: Alberto Sueiro Pastoriza, presidente da AC Telón e Aparte
Concelleira de Cultura: Maruxa Suárez Coto
Dirección artística e coordinación: María del Carmen Castro Pombo
Adxunta á dirección artística e produción e formación de públicos: María José Martínez Veira
Administración e xestión: Yolanda Abelenda Pardiñas
Coordinación de actividades paralelas: Xiana Márquez Antelo
Rúa dos contos: José Antonio Rodríguez Lista e Javier Varela Golán
Auxiliar de produción: Yolanda Antelo Cameán
Coordinación Certame Microescenas: Alba Bermúdez Iglesias
Coordinación de voluntariado: Nuria Cortés Bernárdez
Comunicación e prensa: The Office Comunicación
Imaxe FIOT 33: Patricia Portela
Programa: Gende Estudio
Servizo Técnico: Sonpress
Director Técnico: Antonio Porteiro

AGRADECIMENTOS:

Voluntariado do FIOT, Brigada Municipal de Obras, Policía Local, Aula Municipal de Teatro, Mercado Municipal, Centros educativos de Carballo e da comarca de Bergantiños, AC San Campio de Cances, AC Arume de Verdillo, AC e X. Arume de Verdillo, Bodegas Carballo, Panadería Añón, Residencia de Maiores de Carballo, AFABER, Casino 1889, Mesón do Pulpo, Taberna O Patacón, Valle Inclán Café, Café Colón, Bar A Estación, O Logradouro, Orixe Centro de Psicoloxía, Espiral Maio Foro, Akira, Ouvea Creatividade Gráfica, Cadena SER-Radio Nordés, Famautos, fotógrafos participantes no Zoom FIOT.



Calendario de funcións

Xoves 26 set

RÚA DOS CONTOS
WALTER VELÁZQUEZ
Rescate emotivo
RESIDENCIA MAIORES DE CARBALLO
18.30 h | Entrada libre

ANIMACIÓN TEATRAL DE RÚA
WALTER VELÁZQUEZ
RÚAS DE CARBALLO
20.00 h

RÚA DOS CONTOS
FEDERICO PÉREZ
Xa que o sabes, voucho contar (e cantar)
MESÓN DO PULPO
21.00 h | 5 €

Venres 27 set

TEATRO DE RÚA
PABLÍSIMO
Cabicivai
PRAZA DO CONCELLO
18.30 h

TEATRO DE RÚA
PROYECTO KAVAUARI
Lullaby
PRAZA DO CONCELLO
19.30 h

RÚA DOS CONTOS
CÁNDIDO PAZÓ
Cagadas
VALLE INCLÁN CAFÉ
21.00 h | 4 €

RÚA DOS CONTOS
EVARISTO CALVO
A ver que pasa
O LOGRADOURO
23.00 h | 5 €

Sábado 28 set

RÚA DOS CONTOS
JAZMÍN ABUÍN
Riquiña
CASINO 1889
21.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS
LETI DA TABERNA
Enredada
A ESTACIÓN
23.00 h | 5 €

Domingo 29 set

RÚA DOS CONTOS
MIKI DKAI
Sois maravillosos. D. O. Cádiz
MERCADO MUNICIPAL
20.00 h | 10 €

Venres 4 out

FIOTEEN
BERROBAMBÁN
Mulleres que viven soas #MQVS
PAZA DA CULTURA
11.00 h

TEATRO DE RÚA
PEDRAS DE CARTÓN
Moby Dick
PRAZA DO CONCELLO
19.30 h

RÚA DOS CONTOS
MARÍA DA PONTRAGHA e BLEUENN LE FRIEC
Contos entre cordas
CASINO 1889
21.00 h | 4 €

RÚA DOS CONTOS
CARLOS REBOLO
Instrucións para tomar café
CAFÉ COLÓN
23.00 h | 4 €

Sábado 5 out

PROGRAMA DE SALA
BERROBAMBÁN
Mulleres que viven soas #MQVS
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS
CARTA DE AXUSTE
O mellor e o peor dos 2000
TABERNA O PATACÓN
23.00 h | 4 €

Domingo 6 out

OTNI
ESTEFANÍA DE PAZ ASÍN
Olvido Flores
SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA
20.00 h | 5 €

Venres 11 out

TEATRO DE RÚA
CIRKOMPACTO
Mal de tolos (Consolo de moitos)
PRAZA DO CONCELLO
19.30 h

PROGRAMA DE SALA
MIRAMEDIA E CREC FESTIVAL
En mitad de tanto fuego
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
21.00 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS
PARAÍSO TEATRO
Os diarios de Adán e Eva.
Boleros no paraíso
MERCADO MUNICIPAL
23.00 h | 8 €

Sábado 12 out

MICRO-ESCENAS M²
SEMPRE ARRIBA
Respira
ORIXE CENTRO DE PSICOLOXÍA
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

MICRO-ESCENAS M²
CARMEN DOMECH
Cronopios a escena
ESPIRAL MAIOR FORO
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

PROGRAMA DE SALA
BUTACAZERO
Iribarne
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 15 €

Domingo 13 out

FIOT EN RUTA
PÍSCORE
Molto Barroco
CENTRO SOCIAL DE CANCES
18.30 h | 5 €

OTNI
RAUXA CÍA.
Teatro de papel
SALÓN DE ACTOS PAZO DA CULTURA
20.00 h | 5 €

Mércores 16 out

FIOTEEN
TALÍA TEATRO
DeseXo
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
11.00 h

Xoves 17 out

OTNI
JOSÉ RAMÓN HERNÁNDEZ / OSIKÁN / VIVERO DE CREACIÓN
Eyilá ashé ebbora – archivo

vivo de resistencia
PAZO DA CULTURA
20.30 h | Entrada gratuíta

Venres 18 out

OTNI
PAULA QUINTAS CÍA.
Multiperspectivas#3
PAZO DA CULTURA
21.00 h | 5 €

Sábado 19 out

MICRO-ESCENAS M²
VÓRTICE ESCÉNICO
Rebel Rebe
AKIRA (TENDA DE ROUPA)
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

MICRO-ESCENAS M²
AVIVA-LO
Teño un caravel no peito
FONTE DA CRISTINA
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

PROGRAMA DE SALA
COMPAÑÍA CRIOLLA
El brote
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 10 €

Domingo 20 out

PROGRAMA DE SALA
PRODUCCIONES [OFF] e VANIA
Los amigos de ellos dos
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 15 €

Venres 25 out

OTNI
ALMEALERA
Una rueda que da vueltas
PAZO DA CULTURA
21.00 h | 5 €



+ INFO:
www.fiot.gal
f t i g d

Sábado 26 out

MICRO-ESCENAS M²
VAIEMBORA
Wasteland
OUVEA CREATIVIDADE GRÁFICA
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

MICRO-ESCENAS M²
ARTESA CÍA.
Panos de vinaghere
POSTO DO MERCADO MUNICIPAL
Entrada gratuíta | Acceso limitado 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

PROGRAMA DE SALA
ANDREA JIMÉNEZ, BARCO PIRATA e TEATRO DE LA ABADÍA
 Casting Lear
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 12 €

Domingo 27 out

FIOT EN RUTA
SAL DO TEATRO
Brokeback Sabucedo (Paixón entre bestas)
CENTRO SOCIAL DE VERDILLO
18.30 h | 5 €

PROGRAMA DE SALA
LAS NIÑAS DE CÁDIZ
Las bingueras de Eurípides
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
20.00 h | 12 €

Xoves 31 out

PROGRAMA DE SALA
TEATRO KAMIKAZE
Vania x Vania (versión 1)
AUDITORIO PAZO DA CULTURA
21.00 h | 18 €



ORGANIZAN:



PATROCINAN:



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Deputación
DA CORUÑA



MINISTERIO
DE CULTURA

inaem

INSTITUTO NACIONAL
DE LAS INDUSTRIAS CREATIVAS

Fundación
Luis Calvo Sanz

COLABORAN:



MEDIO OFICIAL:

rtve